

## IES VALLE INCLÁN-MATERIAS PENDENTES

<b>Materia</b>	<b>LINGUA GALEGA E LITERATURA</b>
<b>Cursos</b>	<b>1º, 2º, 3º ESO, 1º BACH.(diúrno) /1º BACH. (nocturno)</b>
<b>Profesoras responsables</b>	<b>Rosario Valcárcel Mato (diúrno)</b> <b>Rocío Dourado Fernández (nocturno)</b>

### CONTIDOS (Temporalizados por avaliación)

Os contidos de cada proba serán os seguintes:

#### 1ª PROBA:

1º ESO: Libro de texto, unidade 1 a 6

2º ESO: Libro de texto, unidade 1 a 6

3º ESO: Libro de texto, unidade 1 a 6

1º BACHARELATO: Libro de texto, unidade 1 a 9

#### 2ª PROBA:

1º ESO: Libro de texto, unidade 7 a 12

2º ESO: Libro de texto, unidade 7 a 12

3º ESO: Libro de texto, unidade 7 a 12

1º BACHARELATO: Libro de texto, unidade 10 a 15

Debido ás especiais características dos **ESTUDOS NOCTURNOS**, nos que só se imparten 1º e 2º de bacharelato, unicamente podemos atoparnos con alumnado de 2º coa materia pendente de 1º. De ser así ese alumnado será avaliado polo profesor ou profesora que lles imparta a materia do curso actual, para o cal realizará un seguimento do alumno ou alumna que consistirá na indicación da realización de distintas tarefas ou, de ser necesario, probas escritas no día e hora sinalado pola Xefatura de Estudos, seguindo o mesmo procedemento que nos estudos diúrnos.

## CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Aqueles profesores do Departamento que teñan nas súas aulas alumnos ou alumnas coa materia do curso anterior pendente realizarán un seguimento dos mesmos que consistirá na indicación da realización de distintas tarefas que teñan como obxectivo a avaliación do alumno ou alumna que, de presentar unha progresión satisfactoria, logrará dese xeito superar a materia pendente. No caso de non ser así terá que presentarse a dúas probas escritas:

- A primeira en xaneiro.
- A segunda en marzo. No día e hora sinalado pola Xefatura de Estudos.

Todos aqueles alumnos que non acaden a cualificación mínima de 5 (de 4,5 a 4,9 redondearase a 5, de 4,1 a 4,4 redondearase a 4) nas correspondentes probas parciais deberán realizar a proba final (así mesmo marcada pola Xefatura de Estudos) que se celebrará no mes de maio, no caso de ESO, e no mes de abril, no caso de BACHARELATO, e na que se examinarán de toda a materia do curso.

Así mesmo en setembro poderán recuperar a materia realizando o mesmo exame que o alumnado do curso correspondente.

Polo tanto os criterios de avaliación que se van aplicar serán os que atinxen á realización das probas escritas ou das tarefas supervisadas polo profesor ou profesora encargado da súa valoración e que serán os mesmos que se sinalan na programación ao respecto.